



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A autorización ambiental integrada

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2005
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 14/01/2005 - 08:00h ao 28/01/2005 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Dar a coñecer e analizar entre o persoal que ten que participar no procedemento de autorización ambiental integrada, o reto que representa para a Administración a súa aplicación práctica. Explicar e discutir os aspectos que deben ser abordados, dentro do procedemento, nos correspondentes informes dos órganos que se lle deben pronunciar sobre as distintas materias da súa competencia. Analizar o contido da documentación que se debe requirir ao solicitante da autorización e o papel das melloras técnicas dispoñibles e outros aspectos ambientais co obxecto de determinar os valores límite de emisión. Papel e integración da avaliación do impacto ambiental no procedemento de autorización ambiental integrada.

DESTINATARIOS

Funcionarios e técnicos dos servizos centrais e provinciais que participen directa ou indirectamente na tramitación da autorización ambiental integrada.

PROGRAMA

Impacto ambiental da actividade industrial: a autorización ambiental integrada e a avaliación do impacto ambiental. Contido da autorización ambiental integrada. Participación das distintas unidades no procedemento administrativo da autorización ambiental integrada. Implantación das mellores técnicas dispoñibles (MTD) e papel destas na autorización ambiental integrada. Fixación dos valores límites de emisión. Requisitos de documentación e aspectos a informar en materia de: protección do ambiente atmosférico, protección do solo, residuos, protección das augas, protección da saúde humana e prevención de accidentes industriais e as súas consecuencias.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1º) Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o solicitante no desempeño do seu posto de traballo e a materia ou materias obxecto do curso, 2º) O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos de Administración pública (agás os cursos ós que se refire o punto terceiro desta resolución; é dicir, agás os cursos de galego)), durante os últimos cinco anos, 3º) A antigüidade, e como tal entenderase a data de ingreso na Administración pública.

Para o caso de que o número de solicitantes supere o número de 50, daráselle prioridade ao persoal que participe na tramitación da autorización ambiental integrada emitindo informes de tipo ambiental ou sectorial, procurando unha repartición equilibrada entre os distintos departamentos que participen dentro do procedemento.

3. DATOS EDICIÓNS

AU05KAU001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 18/04/2005 a 20/04/2005

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE